

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 13 DE ABRIL DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día trece de Abril de mil novecentos noventa e tres; ás oito e media do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria da Comisión de Goberno, oportunamete convocada: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.-  
Concelleilros: Don Xosé Sotelo Barroso e Don Xosé Prieto Pérez.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Escusou a súa asistencia Don Ricardo González Amaro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, de seguido pásase ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que son os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Os señores asistentes da Comisión de Goberno prestan a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 7 de Abril corrente.

2.- OBRAS.-

Non se concederon.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Dona Matilde Vázquez González, veciña de San Cristovo, no que prega información urbanística sobre a realización de determinadas obras no seu inmovible sito no devandito lugar, na rúa do Carballiño, nº 39, a Comisión de Goberno presta aprobación ó informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, no que se sinala que as obras de reparación de fachadas, construción de baños, reparación de pisos e portas están conformes coa legalidade urbanística vixente e non poden, en todo caso, altera-las aliñacións e volume actuais. Esta información non supón a concesión de licencia para as devanditas obras, que terá que ser solicitada, no seu caso, pola interesada.

Visto o escrito de Don Eladio Alvarez Rodríguez, veciño desta

Vila, con domicilio na rúa Rosalía de Castro nº 9, no que prega se lle informe do réxime urbanístico para determinadas obras no devandito lugar, consistentes en facer cerramento dos balcóns, a Comisión de Goberno presta aprobación ó dictame do Sr. Aparellador Municipal, no que se sinala, sen prexuízo de terceiros, que non se poderá sobresaír máis que no corpo voado; non se poderán practicar aberturas sobre a vía pública; disporá da resistencia e suxeición suficientes; manterase a forma e composición actual na planta terceira por unha cuestión elemental de estética. Esta información urbanística non supón a concesión de licencia para as devanditas obras, a cal terá que ser solicitada, no seu caso, polo interesado.

A Comisión de Goberno dáse por enterada dun escrito de Dona Carmen Fernández Viñas, veciña desta Vila, con domicilio en rúa Progreso, 10, 1º, rexistrado co número 688, o día 6 de Abril corrente, que fai referencia ó aluguer por parte deste Concello dun inmovible da mesma sita na Praza Maior, 10, no que se atopan as instalacións provisionais da Praza de Abastos.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Coñece a Comisión de Goberno os seguintes:

Parte quincenal de cloración de augas do abastecemento de consumo público.

R.D. 480/1993, do 2 de Abril, sobre integración dos funcionarios da Administración Local no réxime xeral da Seguridade Social; e Orde do 7 de Abril de 1993, que desenvolve o anterior Decreto.

En relación coa comunicación telefónica recibida da Secretaría Xeral de Comunicacions da Xunta de Galicia, a Comisión de Goberno, actuando por delegación de competencias outorgada no seu día polo Pleno deste Concello, acorda actualiza-lo tema da emisora municipal, segundo o establecido no Decreto 35/1992, do 6 de Febreiro, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, pois é desexo do Concello contar coa devandita emisora, facultando ó Sr. Alcalde para que leve a cabo toda clase de actuacións relacionadas con este evento. Na súa virtude, que se realicen tódolos trámites axeitados, segundo o establecido no artigo 7 do devandito Decreto, e que o Sr. Alcalde encargue o plano de situación do centro reemisor, indicando dun xeito expreso as súas cotas e coordenadas xeográficas; todo isto dentro da maior brevidade posible.

Escrito do Instituto Nacional de Consumo, sobre a instalación dun Fax, modelo 250, acordando a Comisión de Goberno que se cumprimenten os datos ós que se fai referencia no mesmo.

Recurso resolto pola Comisión Técnica Central da Renda de Integración Social de Galicia, que atinxe a Dona María Luisa Rodríguez Pouso, acordando a Comisión de Goberno que pase a coñecemento da área de Servicios Sociais, ós conseguintes efectos.

En relación co escrito nº 3.421, de data 2 de Abril corrente, da Deputación Provincial, relacionado cos requisitos esixidos polo que se refire ós Planos de 1993, coida a Comisión de Goberno que debe porse en coñecemento do devandito órgano provincial que este Concello non figura no Plano Provincial Base de 1993, segundo a relación remitida tamén co escrito nº 3.422; polo tanto, a comunicación de referencia non ten valor para este Concello.

Tamén coñece a Comisión o escrito nº 3.420, de data 2 de Abril, recibido o día 6, da Deputación Provincial, que fai referencia ás instrucións sobre o Plano Operativo Local 1994-99, acordándose que pase a coñecemento do Pleno para a adopción do acordo que proceda.

En relación co escrito de Don Julio Touza Rodríguez, Arquitecto autor do proxecto e director da obra CASA DE CULTURA, a Comisión de Goberno acorda pase o mesmo a coñecemento do Sr. Aparellador Municipal, aproveitando esta oportunidade para autorizar ó devandito técnico municipal para que leve a cabo as accións a que se fai referencia sobre este tema no seu informe do 1 de Abril de 1993, que foi coñecido por esta Comisión na súa sesión celebrada o pasado día 5.

En relación cun informe da Policía Local sobre obras que leva a cabo Don José Pérez Reinaldo, no inmovible nº 27, da rúa Salgado Moscoso, e mesmo visto o informe do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión de Goberno na súa condición de órgano de asistencia permanente ó Sr. Alcalde, acorda requirir ó Sr. Pérez Reinaldo para que, no acto, paralice as devanditas obras, ben entendido que non ten licenza municipal para as mesmas, e coa advertencia de que se concede ó mesmo un prazo de dous meses, a partir da notificación deste acordo, para que interese desta Administración Local a legalización correspondente; en todo caso, se as obras non fosen legalizables, procederase de acordo

co sinalado no artigo 50 da Lei 11/1985, do 22 de Agosto, de Adaptación da do Solo a Galicia, dispoñendo o derrubamento do ilegalmente construído, e sen prexuízo doutras accións contempladas polas leis vixentes sobre a materia.

Escrito da FEMP, ó que se achega un cuestionario sobre cooperación descentralizada, acordando a Comisión de Goberno, que se cumprimente o devandito cuestionario.

En relación cun escrito-informe do Sr. Aparellador Municipal, sobre risco de electrocución nas obras das marxes do río Avia, entre o Pavillón de Deportes e a ponte de San Francisco, a Comisión de Goberno acorda que se remita o mesmo á Delegación Provincial da COTOP e ó director da obra ós conseguintes efectos legais.

En relación cun escrito da Dirección Xeral de Transportes, en Ourense, sobre un proxecto de unificación das concesións do servizo de transporte público de viaxeiros por estrada entre Irún-Tui e Ferrol-Madrid, para o trámite de información pública, a Comisión de Goberno acorda ve-lo expediente na Xefatura Provincial de Transportes, para as alegacións correspondentes, se así procede.

Cofecemento do Plano Especial de Obras da Deputación Provincial, que aparece no Boletín Oficial da Provincia, nº 80, do 7 de Abril.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Non se trataron.

E sendo as nove e cuarto da noite, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-